



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

DECRETO DA ALCALDÍA 438/2017

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 9/2017

CARÁCTER : Extraordinaria (martes 19 de decembro de 2017 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o martes 19 de decembro de 2017, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 8/2017, ordinaria, do 30 de novembro de 2017)
- 2.-Proposta de aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Carral e a Unión Deportiva Carral.
- 3.-Proposta de designación das persoas compoñentes da comisión para a demarcación, deslinde e amolloamento do termo municipal de Carral.
- 4.-Proposta de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018", da Deputación Provincial da Coruña.

Notifíquese a presente resolución a todos/as sres/as, concelleiros/as da Corporación (tendo en conta a designación polos distintos grupos políticos municipais dos membros titulares e suplentes do órgano convocado), advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as, concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, 14 de decembro de 2017

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourinho

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

